



XV CERTAME DE POESÍA GALEGA 2018

Co gallo da celebración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, a Asociación de Veciños do Calvario para fomentar o uso do galego en todos os ámbitos da vida social, convoca a todas as persoas que o desexen a participar no **XV CERTAME DE POESÍA** que terá lugar o día 19 de maio do 2018 ás 18:00 horas no Salón de Actos do IES CASTELAO sito na rúa Aragon, nº 20.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

1. O certame vai dirixido a todo o público en xeral.
2. As poesías presentadas deberán ser: orixinais, inéditas e escritas integramente en galego. Presentaranse obrigatoriamente mecanografiadas.
3. A temática será libre. Cada poesía deberá ter unha extensión máxima de dúas follas, escritas por unha soa cara a dobre espacio. Só poderá estar formada como máximo por 50 versos.
4. As poesías presentaranse, **baixo pseudónimo, nun sobre pechado**. Dentro do sobre figurarán ademais da poesía, outro sobre pechado cos datos persoais do participante, o número de teléfono e unha fotocopia do D.N.I. Entregaranse no local a Asociación ou ben a través do correo postal.
5. Soamente se poderá presentar **unha poesía por persoa**.
6. O prazo de entrega dos poemas rematará o **XOVES 10 DE MAIO DO 2018**.
7. Haberá TRES PREMIOS e estarán dotados dunha contía económica e do correspondente diploma: Primeiro premio 350€, segundo premio 250€ e terceiro premio 150€.
8. A AVV do Calvario porase en contacto cos premiados para facerlle a entrega dos premios nun acto que terá lugar o día 19 de maio do 2018, segundo está reflectido no parágrafo primeiro deste escrito.
9. Os premiados deberán asistir e recoller os premios persoalmente, ou ben designar a alguén, debidamente acreditado, que os recolla no seu nome.
10. O xurado estará composto por un representante do "IES Castelao", un representante da "Escola Oficial de Idiomas", Ex-director da Academia Esgarr Víctor coma representante do ensino privado, dous representantes da AV V do Calvario.
11. Os premios poderán declararse desertos de non haber un mínimo de 12 participantes, ou se o xurado así o ditaminase.
12. Os poemas orixinais non premiados **non serán devoltos** aos seus autores.
13. A AVV do Calvario resérvase o dereito de publicación das obras recibidas.

O acto de entrega do CERTAME DE POESÍA será amenizado por **CORAIS POLIFÓNICAS E GRUPOS DE CANTO E BAILE**. Tamén se recitarán **TEXTOS REPRESENTATIVOS DA NOSA POESÍA** por parte de poetas e poetisas da cidade. A celebración deste evento cultural ten por finalidade a promoción, conservación e difusión da nosa lingua, especialmente entre os máis pequenos.